

Relatorio sobre actuacións policiais durante a campaña para as eleccións ao Parlamento de Galiza do 12 de xullo de 2020

EsCULcA (Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades) ven constatando con preocupación desde hai tempo as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978.

Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade gobernativa que dan unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983.

Así, foron ditados acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fora de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente, e son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos anos ao abrigo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

Por outra parte, as últimas resolucións do TSX da Galiza, confirmadas polo TC , non autorizando concentracións sob excusa da Covid-19 determinan que a nosa organización deba estar vixiante ás limitacións no dereito de reunión e manifestación que puideren producirse.

Neste contexto, e con o propósito de dar conta das irregularidades detectadas nos casos que considera máis significativos, EsCULcA decide elaborar un relatorio que recolla esas incidencias observadas directamente ou coñecidas polo relato das persoas afectadas e/ou de testemuñas presenciais, facendo constar en cada ocasión a fonte da información.

No caso que aquí nos ocupa -intervencións policiais contra determinadas persoas (participantes ou non) nas concentracións anti-fascistas convocadas para mostrar o repudio pola presenza de líderes de VOX en actos públicos durante a campaña das pasadas eleccións ao Parlamento da Galiza do 12 de xullo- a información foi recollida das persoas afectadas por esas actuacións e de testemuñas que as presenciaron.



Actos de Vox en Compostela

26 de xuño

Na madrugada do 26 de xuño, os dirixentes e militantes de VOX reunidos na Praza da Quintana de Compostela para dar inicio á campaña electoral estiveron acompañados dun dispositivo policial a todos os títulos desproporcionado dado o reducido número de persoas congregadas (pouco máis de dúas ducias).

Un dispositivo policial que aparentemente pretendía protexer o pequeno grupo doutro non máis numeroso que se situou na escadaría da praza sen outro propósito manifesto que exhibir textos contrarios á ideoloxía do partido liderado por Santiago Abascal.

O único incidente da noite produciuse curiosamente cando, finalizado o acto, o vicepresidente de Vox -Jorge Buxadé- e os candidatos galegos da formación se achegaron aos axentes que separaban ambos os grupos e nese momento un individuo, por completo alleo aos dous colectivos e que pasaba casualmente polo lugar, proferiu unha frase despectiva a respecto dos simpatizantes da formación de extrema-dereita. Tan inofensivo xesto foi suficiente para que os axentes o agarrasen polo brazo e o levasen a un canto da praza, onde procederon a tomarlle os datos de identificación. Ignoramos se esta intervención policial tivo efectos posteriores.

9 de xullo

Máis preocupante foi o que aconteceu no día 9 de xullo na mesma Praza da Quintana. Neste caso a policía blindou a zona circundante con axentes anti-disturbios deslocados a Compostela para impediren que ningunha persoa aparentemente allea ao acto político pudesese aproximarse do lugar.

A zona foi tomada por axentes uniformados e á paisana que procederon a identificar persoas cuxa indumentaria ou aspecto físico poderían indiciar un perfil ideolóxico afín ao dos grupos anti-fascistas que convocaran un acto de protesto na mesma praza. Tamén procederon a fotografalas e a revistar os seus bolsos e mochilas.

Entre as persoas identificadas, fotografadas e sometidas a inspección, dúas mulleres xoves (I.C.P. e B.S.) afirman que os axentes, despois de as identificaren e revistaren os seus pertences, confiscaron un chaveiro de auto-defensa feminista a cada unha. A seguir comunicáronlles a abertura dunha proposta de sanción por ‘porte de obxecto perigoso’ (sic). Todo isto acompañado de expresións de viés paternalista (“Con esto puedes hacer pupa”) e en tanto outros axentes -estes à paisana- as fotografaban.



É preciso ter en conta que ningunha destas persoas tiña levado a cabo acción algunha que puidese eventualmente xustificar a intervención policial e nin sequera se encontraban na praza da Quintana.

Tamén consta, por información recollida en diversos medios de comunicación (p.ex., Europa Press: <https://www.europapress.es/galicia/noticia-abascal-augura-terremoto-politico-domingo-galicia-entrada-vox-ser-determinantes-20200709223104.html>), que dúas persoas que se encontraban entre o público do mítin foron identificadas e expulsadas do lugar por axentes da policía despois de proferiren a palabra de orde anti-fascista ('Fascistas fora da Galiza') e exhibiren unha bandeira 'comunista'.

Acto de Vox na Coruña

27 de xuño

Na tarde do sábado 27 de xuño estaba anunciado un acto público de VOX na cafetería La Olímpica, na rúa Alfredo Vicenti da Coruña. Reunión que, como se puido comprobar *in situ*, en atención ao número de asistentes, dimensións e características do local, incumpriía todas as normas obrigadas polas autoridades dada a situación sanitaria derivada da epidemia da Covid-19. No entanto, ningunha forza pública, incluído o numeroso dispositivo policial presente nas inmediacións do local, tomou ningunha medida a respecto desta manifesta infracción das normas sanitarias.

En réxime de auto-convocatoria, diversas entidades, colectivos e persoas a título individual do que se ven chamando Movemento Anti-fascista, realizaron nos días anteriores un apelo divulgado através das redes sociais para se concentrar diante do acto público da formación política.

Horas antes do inicio previsto do mítin xa estaban presentes furgonetas da Policía Nacional por toda a zona de Riazor e o Paseo Marítimo, o que mostra que as autoridades policiais tiñan coñecemento da convocatoria e dispuxeran portanto do tempo necesario para preparar unha intervención proporcionada cos recursos materiais e humanos adecuados e cualificados para tal situación.

Concentración e carga policial

A concentración anti-fascista reúne non máis de 80 persoas. A inmensa maioría delas, como se pode apreciar en fotografías e vídeos, xente moi nova.



Antes da carga policial, é posíbel apreciar certa tensión provocada polos insultos que proferen membros de ambos os grupos. Mesmo chega a producirse algún incidente individual isolado. Mais o libre acceso ao local onde Vox realiza o acto é garantido en todo momento através da Praza de Portugal.

No entanto, apesar de tratarse dun protesto cidadán perfectamente controlábel, a dada altura a policía decide cargar, e cargar violentamente, contra as persoas congregadas. Os axentes, que como se pode observar nas imaxes, non tiñan a equipación propia dos denominados anti-disturbios, non se limitan a repelir unha suposta agresión, ben ao contrario, como tamén se pode apreciar nos videos, perseguen os manifestantes, ao tempo que mallan neles cando estes xa están dispersos e sós, ao longo da rúa Alfredo Vicenti até as inmediacións da praza do Mestre Mateo.

Un rapaz é golpeado na cabeza e ten que recibir a asistencia médica. Cando xa está na ambulancia para ser levado ao CHUAC, o vehículo é retido por axentes da Policía Nacional que pretenden que o persoal médico testemuñe tamén as teóricas feridas de membros da policía (a principal delas a autolesión dun axente producida ao tropezar). Finalmente o ferido é conducido ao CHUAC onde é atendido do golpe recibido durante a violenta carga e debe permanecer en observación varias horas.

Actos de Vox noutras localidades

EsCULcA recibiu denuncias doutras intervencións policiais abusivas (nomeadamente identificacións) en ao menos dúas localidades galegas: Xinxo de Limia e Monforte. Mais por falta de confirmación documental, limitámonos a esta breve referencia.

Conclusións

O artigo quinto da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de seguranza do estado, LO 2/1986 DE 13 DE MARZO, sinala:

Quinto artigo. Os principios básicos de actuación dos membros das Forzas e Corpos de Seguranza son os seguintes:

1. Adaptación ao ordenamento xurídico, especialmente: a) Exercer a súa función con absoluto respecto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico. b) Actuar, no cumprimento das súas funcións, con absoluta neutralidade e imparcialidade políticas e, en consecuencia, sen discriminación por razón de raza, relixión ou opinión.

2. Relacións coa comunidade.



Singularmente:

c) No exercicio das súas funcións deberán actuar coa decisión necesaria e sen demora cando dependa dela para evitar danos graves, inmediatos e irreparabeis; e facelo rexido polos principios de coherencia, actualidade e proporcionalidade no uso dos medios ao seu alcance.

Os feitos descritos no presente relatorio así como os coñecidos por actuacións policiais de viés ideolóxico diverso determinan que nas actuacións policiais ou ben nas instrucións políticas xerais recibidas polos mandos policiais houbo infracción do principio de neutralidade e dos principios de necesidade e, no no seu caso , de proporcionalidade.

A presenza policial para garantir a seguraza das persoas asistentes aos actos do partido VOX tivo carácter absolutamente desproporcionado nalgunhas das situacións descritas, tanto no que di respecto á dimensión dos dispositivos en relación ao número de asistentes aos actos, como no que toca ao propio obxectivo de garantir a seguraza de actos de escasa asistencia fronte a manifestacións de repulsa de contido antifascista -lexítimas en termos constitucionais- sen se ter producido previamente incidente algún. O que determina unha infracción do principio de neutralidade.

Alén diso, facemos notar que neste breve relatorio se describen igualmente actos desproporcionados e inxustificados, como intervencións e revistas de bolsos e mochilas por simples viés ideolóxico (aspecto físico, indumentaria, simboloxía...) sen que conste situación de risco lexitimadora da actuación nin, nalgúns casos, proximidade das persoas afectadas ao acto que se pretende protexer.

Hai actuacións absolutamente desproporcionadas, por exemplo cargas violentas, en que , sen perxuízo de entendermos que en realidade o que estaba ausente era o principio de necesidade (dado que os actos de VOX decorrían sen perigo), a actuación policial non se limitou a distanciar as persoas concentradas e marcar un teórico perímetro de seguraza, senón que foi alén desas xa de si desnecesarias previsións, e faltou á proporcionalidade ao perseguir e golpear manifestantes mesmo cando xa se dispersaran.

Estimamos que a infracción destes principios de actuación deron de feito unha sobreprotección aos actos dun concreto grupo político en infracción do principio de neutralidade.

Galiza, 6 de setembro 2020



